

DULCE PONTES

30 aniversario

MÚSICAS DO MUNDO

Artista/banda

Dulce Pontes naceu en Montijo, Portugal. Formouse como pianista e comezou a súa carreira como cantante tras participar nunha competición na súa cidade natal con 18 anos. En 1991, ganou o festival nacional de música coa súa canción *Lusitana Paixão*, coa que representou a Portugal no Festival de Eurovisión.

Comezou a súa carreira como artista pop convencional, mais ten evolucionado ata converterse nunha recoñecida cantante da chamada música do mundo. Combinando o fado tradicional con estilos contemporáneos, descubriu novas formas de expresión musical.

O espectáculo

Dulce Pontes liderou a popularización da música portuguesa en todo o mundo. Non é posible concibir o novo fado de esta primeira década do século XXI sen a súa decisiva contribución.

Introduciu as tradicións da Península Ibérica no seu repertorio, redescubriu moitas melodías populares esquecidas e engadiu o uso de instrumentos musicais que xa quedaran obsoletos. A súa obran non só está inspirada e influenciada pola tradición musical ibérica, senón tamén por sons árabes, africanos, brasileiros e búlgaros, aínda que ela canta fundamentalmente no seu portugués nativo.

Co seu segundo álbum *Lágrimas* (1993), Dulce Pontes xerou un efecto sociolóxico sen precedentes. Redescubriu o fado cando estaba morrendo e as novas xeracións xa non estaban interesadas.

A reinterpretación da *Canção do mar* foi durante anos a canción portuguesa máis universal de todos os tempos e con máis versións internacionais.

Despois de 30 anos, Dulce Pontes sigue percorrendo o mundo e esgotando as entradas en numerosas ocasións.

www.culturactiva.org



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Dulce Pontes

Público: todos os públicos

Duración: 75 minutos

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)